



CURSO 2018/19: CIRCULAR INFORMATIVA E. INFANTIL E E. PRIMARIA

Dirixímonos a Vdes. para informarles de varios asuntos de interese para o bo funcionamento do colexio ao que asisten os seus fillos/as. ***(Pregámoslles a lectura moi atenta deste documento e a súa conservación durante todo o curso para poder consultalo).***

HORARIO:

- O horario lectivo do centro para E. Infantil e E. Primaria será:
 - De luns a xoves 9:20 horas a 14:35 horas.
 - Os venres de 9:20 horas a 13:20 horas.Nembargantes, por razóns organizativas relacionadas coa cantidade de alumnado, os alumnos de E. Infantil sairán 5 minutos antes desas horas, e dicitos, ás 14,30 de luns a xoves e ás 13,15 os venres.
O alumnado que emprega o transporte escolar entrará no centro a partir das 9:05. A entrada e a saída farase polo portal pequeno (patio cuberto). Os alumnos transportados de 4º de Educación Infantil accederán ao vestíbulo acompañados de mestres de garda.
- Para o alumnado que non emprega o transporte escolar a porta abrirase con 5 minutos de antelación. A entrada e a saída farase polo portalón de acceso ás varandas.
- O alumnado de 4º de Educación Infantil (3 anos) accederá ao centro pola entrada lateral (a que accede ao pavillón), reservada exclusivamente para a súa entrada e saída.
Os pais/nais **non accederán ao recinto escolar (patio cuberto) nas horas de entrada e saída** para acompañar aos seus fillos e fillas e **deberán deixar libre os accesos para o resto dos alumnos.**
Asemade, e para evitar situacións de perigo, **pregámoslles que non obstaculicen o aparcadoiro dos autobuses escolares.**
- O alumnado que chegue despois das 9:30 horas deberá esperar a que o conserxe o acompañe á súa aula.
- Se teñen que recoller a algún neno/a na escola en horario lectivo deberán avisar por escrito ó titor/a do seu fillo/a e firmar unha autorización de saída na conserxería do centro.
- Trala saída do alumnado o centro permanecerá pechado e non poderá acceder ninguén, agás o persoal de limpeza (que **NON está AUTORIZADO** para abrilo).

CALENDARIO ESCOLAR

As actividades lectivas comezan o 12 de setembro e rematan o 21 de xuño.

➤ **Vacacións escolares**

- Día da festa nacional: 12 de outubro.
- Día de todos os santos: 1 de novembro.
- Día da constitución: 6 de decembro.
- Día do Ensino: 7 de decembro
- Nadal: do 22 de decembro ao 7 de xaneiro, ámbolos dous inclusive .
- Entroido: 4, 5 e 6 de marzo.
- Día de San José: 19 de marzo
- Semana Santa: do 13 ao 22 de abril, ámbolos dous inclusive.
- Día da festa do traballo: 1 de maio.
- Día das Letras Galegas: 17 de Maio.

- **Os 2 días non lectivos, elixidos polo claustro de profesores (en concordancia co IES) serán comunicados tan pronto como sexan concedidos.**

TRANSPORTE ESCOLAR

Os autobuses pasarán polas paradas coa antelación habitual ás horas de entrada do alumnado no Centro.

O alumnado transportado está obrigado a utilizar sempre este servizo. Se por calquera razón Vdes. prefiren non utilizalo nunca, ou ben só en determinadas viaxes (por actividades extraescolares ou calquera outra razón), deberán solicitar un impreso no que indicarán que días á semana e en que viaxes non farán uso do servizo, facéndose Vdes. responsables nese caso da recollida dos seus fillos/as. Se a non utilización do servizo é puntual algún día, deberán informar ao persoal do transporte, enviar unha nota ao titor/a comunicándollos e firmar unha autorización de saída na conserxería do centro.

O alumnado NON PODERÁ deixar de utilizar o transporte escolar, ou baixarse nunha parada que non sexa a súa habitual. Para iso deberán contar cunha autorización excepcional do Servizo de Transporte Escolar e do centro.



O horario do transporte escolar será o que segue:

Luns: 16,30

Martes, mércores, xoves: 15:30

Venres: 13:20

ATENCIÓN DO PROFESORADO ÁS FAMILIAS

Co fin de facilitar as entrevistas entre as familias e os profesores/as – titores/as prégaselles que **soliciten a entrevista coa debida antelación.** O horario de visita para os mestres/as de ed. infantil e primaria, será os **luns** de 16:30 horas a 17:30 horas.

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

Normas de Organización e Funcionamento están á súa disposición na páxina web do centro. Recoméndase a súa lectura

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DE ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN

Administración: De luns a venres, 09:30-11:30. Luns, 15:30-17:30.

Dirección: previa cita.

Exceptuando que sexa un asunto urxente, non se atenderá a ninguén fóra deste horario.

FALTAS DE ASISTENCIA DO ALUMNADO

Se un alumno/a non asiste a clase por estar enfermo ou por outra causa, cando retorne ao centro traerá firmado por Vdes. un xustificante que poderá descargar da páxina web. Naqueles casos nos que un alumno/a de ed. infantil ou ed. primaria teña que saír do centro durante as horas lectivas, deberá presentar a oportuna solicitude asinada polos seus pais na conserxería, **e ser recollido por eles ou persoa autorizada, no caso contrario non poderán saír do centro.**

COMEDOR

O Comedor Escolar funciona dende o 12 de setembro de 2018, até o 21 de xuño de 2019.

A lista de alumnos/as admitidos no comedor escolar, está exposta nas cristaleiras do CEIP Vicente Otero e na páxina web. Se algún alumno/a non vai facer uso deste servizo, pregamos renuncien a el na secretaría coa maior brevidade posible.

a) **Horario:**

Existirán unha quenda de comedor, co seguinte horario: De 14:35-15:30

Os venres non haberá servizo de comedor escolar.

b) **Menús:**

Exporanse no taboleiro de anuncios do comedor e na páxina web cunha programación de 4 semanas.

c) **Períodos de lecer:**

- Actividades lúdicas nos diferentes espazos.
- Vídeos para o alumnado de educación infantil.

d) **Actividades :**

- O **Concello e CEIP** organizan **actividades extraescolares** para o remate do comedor e nas que se poderán inscribir nas entidades organizadoras. O alumnado inscrito en cada unha das actividades estará **ao cargo dos monitores correspondentes.** Ao remate da actividade, os monitores entregarán aos seus alumnos aos pais, que poderán permanecer **no patio cuberto** para recollelos. **Pregamos que os luns, a causa da saída do transporte escolar ás 16,30, esperen para acceder ao patio á saída dos autobuses.**

VARIOS

- Lembren que os alumnos/as que non teñan asinada a autorización anual para as actividades complementarias e extraescolares que se levan a cabo no entorno non poderán participar nelas.
- Con certa periodicidade, as prendas de roupa olvidadas e non reclamadas donaranse a unha Asociación sen ánimo de lucro.
- Segundo as INSTRUCCIONS 9/2017 da Secretaría Xeral Técnica e da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, o alumnado de 5º e 6º poderá saír só do centro, acompañando incluso a un irmán menor, previa firma dunha autorización (**que se recollerá no centro ou descargar da web**) dos pais/nais/titor/a legais e adxuntando unha copia do seu DNI e **se entregará en Dirección.**

Carral, a 12 de setembro de 2018

A directora

Asdo.: Mar Domínguez Pacheco

